

#ConectaESGalega  
Cultura en movimiento



ENTREVISTA

# Moira Marketing Consciente



## EQUIPO

- Natalia Ponte Outón
- Raquel Freire
- Sara Suarez
- Marina Rivas
- Andrés Vaquero

## AÑO DE CREACIÓN

2023

## LOCALIZACIÓN

A Escravitude, Padrón

## SERVIZOS

Branding | Creación de contido visual | Community management | Diseño e desenvolvemento web | Estratexia dixital e funnels de conversión

# EQUIPO

En Moira somos un **equipo multidisciplinar** composto por **cinco** persoas. Cada un de nós achega unha formación variada e complementaria, que inclúe deseño gráfico, fotografía, redes sociais, desenvolvemento web e comunicación audiovisual. Esta diversidade permítenos abordar proxectos desde diferentes ángulos e **ofrecer solucións creativas e efectivas** aos nosos clientes.

# COMO NACEU O VOSO PROXECTO CULTURAL?

Naceu do desexo de **emprender con conciencia** e de crear un impacto **positivo** na sociedade e no medio ambiente.

Queremos axudar ás marcas que se identifican coa sostibilidade e o respecto pola natureza a ter unha maior visibilidade dixital.

# QUE DESTACARÍADES DA VOSA TRAXECTORIA?

Destacamos a nosa **rápida evolución** e a capacidade para **atraer** proxectos significativos, sobre todo no sector rural.

Xa traballamos con clientes como O Secadeiro de Banzas, AtmosHotel, entre outro moitos.

Aprendemos que a **proximidade** cos nosos clientes e a **flexibilidade** nas nosas estratexias son claves para o éxito.

# O TECIDO CULTURAL GALEGO

O tecido cultural galego é **diverso**, enraizado nas súas tradicións pero **aberto á innovación**.

Hai unha clara aposta pola sostibilidade e a revitalización das **áreas rurais**, co cal nos identificamos plenamente.

# A ECONOMÍA SOCIAL PROPICIA O EMPRENDEMENTO CULTURAL?

A economía social fomenta o **emprendemento cultural** ao priorizar o benestar das comunidades e o impacto positivo. No noso caso, como cooperativa, sentímonos parte dese movemento de colaboración e impacto social.



Sénteste moi realizado cando ves o froito de todo ese esforzo e estás seguro de que chegaches aí coa túa propia persistencia e desexo. Neste caso acompañados dun equipo moi unido que se apoia mutuamente.